-Publicación BOP aprobación definitiva.
-Publicación BOP aprobación inicial.
-Certificado acordo Pleno.
-Dictame Comisión.
-Proposta modificación Orzamento da Deputación.

San Marcos, 8 · 27001 Lugo · Telf. 982 260000 · Fax 982 260 165

COPIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

| | |
|---|---|
| fecha: LUGO | **20 de abril de 2012** |
| unidad de origen: | **SECCIÓN DE ACTAS** |
| asunto: | **Remite anuncio para publicación no B.O.P.** |
| destinatario | **Negociado de Administración do Boletín Oficial da Provincia.** |

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
REXISTRO XERAL
20 ABR. 2012
Nº 3145
REX. INTERNO

Ó obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, remítolle anuncio de aprobación definitiva do Expediente de Modificiación do Orzamento da Deputación e do Inludes de 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito.

**O SECRETARIO,**
**P.D. A XEFA DA SECCION DE ACTAS**

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SECCIÓN DE ACTAS Y A. GENERALES

# ANUNCIO

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e do Inludes do 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público o seguinte resumo:

Estado de GASTOS

| Capítulo | Consignación actual | Modificación | Consignación final |
|---|---|---|---|
| I. GASTOS PERSONAL | 20.573.350,02 | | 20.573.350,02 |
| II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS | 16.055.234,54 | | 16.055.234,54 |
| III. GTOS. FINANCEIROS | 1.184.776,46 | | 1.184.776,46 |
| IV. TRANS.CORRENTES | 30.656.859,97 | | 30.656.859,97 |
| VI. INVESTIMENTOS REAIS | 49.117.932,67 | 0,00 | 49.117.932,67 |
| VII. TRANS.CAPITAL | 9.937.071,19 | | 9.937.071,19 |
| VIII. ACTIVOS FINANCEIROS | 310.000,00 | | 310.000,00 |
| IXI. PASIVOS FINANCEIROS | 4.617.872,10 | | 4.617.872,10 |
| **TOTAL** | 132.453.096,95 | 0,00 | 132.453.096,95 |

Estado de INGRESOS

| Capítulo | Previsión actual | Modificación | Previsión final |
|---|---|---|---|
| 1. IMPOSTOS DIRECTOS | 5.324.523,40 | | 5.324.523,40 |
| 2. IMPOSTOS INDIRECTOS | 3.299.066,67 | | 3.299.066,67 |
| 3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR. | 8.446.210,25 | | 8.446.210,25 |
| 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES | 52.109.607,26 | | 52.109.607,26 |
| 5. INGRESOS PATRIMONIAIS | 3.516.000,00 | | 3.516.000,00 |
| 6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS | 600.000,00 | | 600.000,00 |
| 7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 18.063.733,59 | | 18.063.733,59 |
| 8. ACTIVOS FINANCEIROS | 35.472.947,89 | 4.500.000,00 | 39.972.947,89 |
| 9. PASIVOS FINANCEIROS | 5.621.007,89 | -4.500.000,00 | 1.121.007,89 |
| **TOTAL** | 132.453.096,95 | 0,00 | 132.453.096,95 |

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte de abril de dos mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO SECRETARÍA

BOP
MIÉRCOLES, 25 DE ABRIL DE 2012 Nº 095
DIPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e do Inludes do 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público o seguinte resumo:

Estado de GASTOS

| Capítulo | Consignación actual | Modificación | Consignación final |
|---|---|---|---|
| I. GASTOS PERSONAL | 20.573.350,02 | | 20.573.350,02 |
| II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS | 16.055.234,54 | | 16.055.234,54 |
| III. GTOS. FINANCEIROS | 1.184.776,46 | | 1.184.776,46 |
| IV. TRANS.CORRENTES | 30.656.859,97 | | 30.656.859,97 |
| VI. INVESTIMENTOS REAIS | 49.117.932,67 | 0,00 | 49.117.932,67 |
| VII. TRANS.CAPITAL | 9.937.071,19 | | 9.937.071,19 |
| VIII. ACTIVOS FINANCEIROS | 310.000,00 | | 310.000,00 |
| IXI. PASIVOS FINANCEIROS | 4.617.872,10 | | 4.617.872,10 |
| TOTAL | 132.453.096,95 | 0,00 | 132.453.096,95 |

Estado de INGRESOS

| Capítulo | Previsión actual | Modificación | Previsión final |
|---|---|---|---|
| 1. IMPOSTOS DIRECTOS | 5.324.523,40 | | 5.324.523,40 |
| 2. IMPOSTOS INDIRECTOS | 3.299.066,67 | | 3.299.066,67 |
| 3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR. | 8.446.210,25 | | 8.446.210,25 |
| 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES | 52.109.607,26 | | 52.109.607,26 |
| 5. INGRESOS PATRIMONIAIS | 3.516.000,00 | | 3.516.000,00 |
| 6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS | 600.000,00 | | 600.000,00 |
| 7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 18.063.733,59 | | 18.063.733,59 |
| 8. ACTIVOS FINANCEIROS | 35.472.947,89 | 4.500.000,00 | 39.972.947,89 |
| 9. PASIVOS FINANCEIROS | 5.621.007,89 | -4.500.000,00 | 1.121.007,89 |
| TOTAL | 132.453.096,95 | 0,00 | 132.453.096,95 |

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte de abril de dos mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R.1738

Acabo 14-04

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO
29 MAR. 2012
Nº 2510
REX. INTERNO

fecha: LUGO **28 de marzo de 2012**

unidad de origen: **SECCION DE ACTAS**

asunto: **Remite anuncio para publicación no B.O.P.**

destinatario

**Negociado de Administración do Boletín Oficial da Provincia**

Co obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, remito anuncio sobre Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e do Inludes do 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito"

**O SECRETARIO,**

**P.D. A XEFA DA SECCION DE ACTAS,**

EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO
SECCION DE ACTAS Y A. GENERALES

# ANUNCIO

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil doce, o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e do Inludes do 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito, exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produciran reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, vinte e oito de marzo de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO
SECRETARIA

SÁBADO, 31 DE MARZO DE 2012 Nº 076

# BOP

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Admnistración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

AUGAS DE GALICIA - SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

INFORMACIÓN PÚBLICA

CLAVE: DH.W27.06080

Dª. Ludivina Maseda Otero, con DNI 76562923V, e con enderezo en Outeiro nº 15, Masma, 27749 Mondoñedo (Lugo).

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de recheo e acondicionamento da parcela de catastro nº 795 do pol 504 incluída na finca 4-453 da CP, na zona de policía dun rego innominado no lugar de Outeiro, parroquia de Masma do concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE ( 20 ) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70 -2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 20 de marzo de 2012. O xefe do servizo territorial.: Néstor Rodríguez Arias

R.1352

---

*Anuncio*

INFORMACIÓN PÚBLICA

CLAVE: DH.W27.06064

Dª. Amancia Lozano Díaz, con DNI 33856290, e con enderezo en Pumariño, 10 Os Remedios, 27740 - Mondoñedo (Lugo).

Solicita a legalización de obras de cerramento dunha finca na zona de policía dun rego innominado no lugar de Os Cucos, Pumariño da parroquia de Os Remedios do concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE ( 20 ) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70 -2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 20 de marzo de 2012. O xefe do servizo territorial.: Néstor Rodríguez Arias

R.1353

---

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ACTAS

*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil doce, o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e do Inludes do 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito, exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días, en

cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produciran reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, vinte e oito de marzo de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R.1421

---

# CONCELLOS

## CARBALLEDO

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ABASTECEMENTO DE AUGA, ACOMETIDA E TRASPASOS DE TITULARIDADE.**

Con data de 29 de decembro, o Pleno municipal aprobou pola unanimidade dos presentes a ordenanza de referencia, procedéndose á correspondente publicación do acordo no BOP nº 6 de nove de xaneiro de 2012 a efectos de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Transcorrido este plazo sen presentación de reclamación ou suxerencia algunha, en virtude do art. 49 da Lei 7/185, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Carballedo, 16 de marzo de 2012. O alcalde.: Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ABASTECEMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE.**

**Artigo 1º.- Fundamento, natureza e feito impoñible.**

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable a domicilio e das acometidas á rede xeral de abastecemento de auga e traspasos de titularidade, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 38 do citado Real Decreto Lexislativo.
2. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación no Concello dos seguintes servizos:
    a. Subministración de auga potable a domicilio.
    b. Acometidas á rede xeral de abastecemento de auga.
    c. Traspasos de titularidade.

**Artigo 2º.- Suxeito pasivo, responsables e base impoñible.**

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria e 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo anterior.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte só propietarios das vivendas ou locais ós que se dote do servizo, podendo repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.
3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

fecha: LUGO **10 de abril de 2012**

unidad de origen: **SECCIÓN DE ACTAS**

asunto: **Remite certificación acordo do Pleno de 27-03-2012**

DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO
REXISTRO XERAL
12 ABR. 2012
Nº 2845
REX. INTERNO

destinatario

**Intervención**

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil doce, relativo a "**PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2012, BAIXA POR ANULACIÓN E SUPLEMENTO DE CRÉDITO**".

**O SECRETARIO,**
**P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,**

EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SECCIÓN DE ACTAS Y A. GENERALES

**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO,** Secretario Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo,

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2012, BAIXA POR ANULACIÓN E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Dáse lectura ó ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que di:

"Vista a proposta do Sr. Presidente, que textualmente di o seguinte:

"Vistos os informes dos Servizos desta Excma. Deputación, e considerando a conveniencia de aplicar un endebedamento cero neste exercicio, que estaba previsto en 4,5 millóns de euros, sen deixar de executar os investimentos afectados pola citada operación, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, baixa por anulación, co seguinte detalle:

| | | |
|---|---|---|
| Estado de Ingresos | Subconcepto 913.00: Préstamos recibidos a largo plazo de entes de fóra del sector público | 4.500.000,00 € |
| | Total ingresos | 4.500.000,00 € |
| Estado de Gastos | Aplicación 9290.65000: Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) | 1.781.983,11 € |

| | | |
|---|---|---|
| | Aplicación 4530.619: Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2.718.016,89 € |
| | **Total gastos** | **4.500.000,00 €** |

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

| Aplicación Orzamentaria | Denominación | Importes |
|---|---|---|
| 9290.65000 | Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) | 1.781.983,11 € |
| 4530.619 | Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2.718.016,89 € |
| | **Total gastos** | **4.500.000,00 €** |

**Financiamento:**

| | |
|---|---|
| **Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais** | **4.500.000,00 €** |

3º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas".

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Manuel Gómez Puente, Dª. Elena Candia López e D. Manuel Jesús González Capón, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 13; abstencións, 11. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a dez de abril de dous mil doce.

EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SECRETARÍA

**Vº. e Prace**
**O PRESIDENTE,**
**P.D. Decreto nº 829/2012, de 16-03-2012**
**O DEPUTADO DELEGADO DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS**

EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PRESIDENCIA

**Asdo: Juan José Díaz Valiño**

# Acta da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas

Acta da reunión do día 22 de Marzoo de 2012

**Asistentes:**

Dª. María del Pilar García Porto

D. José Fernández Fernández

Dª. Regina Polín Rodríguez

D. Mario Outeiro Iglesias

Dª. Elena Candia López

D. Manuel Jesús González Capón

D. José Manuel Gómez Puente

Secretario da Comisión:

D. José Antonio Castro Liz, Técnico en Administración Financeira e Contable.

Sendo as dez horas e dez minutos do día vintedous de marzo de dous mil doce no Salón de Comisións do Pazo Provincial, reúnense os Sres. Deputados relacionados, membros das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, **baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Don José Ramón Gómez Besteiro**, asistido do Secretario Xeral da Deputación D. José Antonio Mourelle Cillero e coa asistencia da Interventora Xeral da Excma. Deputación Dona Rosa Abelleira Fernández, co obxecto de emitir os seguintes dictames:

## EMISIÓN DE DICTAMES

1. ***Proposta de modificacións do Orzamento da Deputación 2012, baixa por anulación e suplemento de crédito.***

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, Dª Elena Candia López, D. Manuel Jesús González Capón e D. José Manuel Gómez Puente, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal o Secretario certifica.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

**Intervención**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
http://www.diputacionlugo.org
e-mail: info@diputacionlugo.org

San Marcos, 8 – 27001 Lugo
Teléfono 982 260 000
FAX 982 260 165

# - Proposta de Modificacións do Orzamento da Deputación 2012, Baixa por Anulación e Suplemento de Crédito

(Pleno marzo 2012)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

(1)

# INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Pola presente, ordéase a **incoación** de expediente de modificación orzamentaria para substituír á operación de endebedamento prevista no Orzamento 2012 de 4,5 millóns de euros por remanente líquido de tesourería para gastos xerais, co fin de aplicar un endebedamento cero neste ano, sen deixar de executar os investimentos afectados pola citada operación, aportación da Deputación ao POS 2012 estimada en 1.781.983,11 €, e parte da anualidade 2012 do Proxecto de Conservación Integral da Rede Viaria Provinciais, zoas 1 á 8, así como do 10% previsto por ser a derradeira anualidade do contrato plurianual, ata 2.718.016.89 €.

Lugo, a 14 de marzo de 2012.
O PRESIDENTE,

## Ao Ilmo. Sr. Presidente,
## INFORME de INTERVENCIÓN:

---

Asunto: **Modificación orzamentaria para aplicar un endebedamento cero.**

Logo de ver a incoación de expediente de modificación orzamentaria co fin de aplicar un endebedamento cero neste ano, a que subscribe emite o seguinte informe:

1.) Por resolución da Presidencia de data 28 de febreiro de 2012 aprobase a liquidación do Orzamento da Deputación e do INLUDES do exercicio 2011, onde se pon de manifesto a existencia de Remanente de Tesourería para gastos xerais da Deputación polo importe de 34.307.726,57 €.
As incorporacións de remanentes financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais ascenden a 25.671.585,42 €, polo que á data actual o remanente líquido de tesourería ascende a 9.636.141,15 €.

2.) As modificacións orzamentarias que afecten exclusivamente aos estados de ingresos non se recollen expresamente no R.d. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), nen no R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1° do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90), non obstante obtense a finalidade pretendida executando as seguintes modificacións:

- Baixa por anulación.
- Suplemento de crédito financiado con Remanente líquido de tesourería.

En ambas modificacións o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Deputación, segundo o artigo 49 do R.d. 500/90, para a baixa por anulación e os artigos 33.2.c) da Lei 7/85, 177.2 do TRLRFL e 37.2 do R.d. 500/90, para o suplemento de crédito.

Prescindir da operación de endebedamento supón a imposibilidade de execución dos investimentos a que estaba destinada a operación, é decir, parte do capítulo 6, segundo o Plan finaceiro de 2012, reflectido no Orzamento.

Así se deduce do principio de equilibrio orzamentario e do artigo 173.6.b) do TRLRFL.

O artigo 34.g) e os artigos 49 a 51 do R.d. 500/90, regulan a modificación orzamentaria "Baixas por anulación".

Para dotar novamente os créditos dos investimentos anteriores procede efectuar unha modificación vía suplemento de crédito que se pode financiar polo remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

O artigo 117 do TRLRFL e os artigos 34.b) e 35 a 38 do R.d. 500/90, regulan a modificación orzamentaria "Suplemento de Crédito".

3.) Segundo a regulación das citadas modificacións é necesaria a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:

  Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

  A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

Lugo, a 14 de marzo de 2012.
A INTERVENTORA,

(3)

## Memoria

Asunto: **Modificación orzamentaria para aplicar un endebedamento cero.**

Visto informe de Intervención do 14 de marzo do ano en curso, confecciónase a presenta memoria, xustificativa das modificacións orzamentarias baixa por anulación e suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2012.

A xustificación do presente expediente ven dada pola actual situación económica na que se prevé unha recesión polo que os dereitos recoñecidos tenderán á baixa, e en consecuencia a porcentaxe da débeda financeira aumenta, sendo convinte aplicar un endebedamento cero neste exercicio, que estaba previsto en 4,5 millóns de euros.

A consignación orzamentaria será insuficiente para a execución das actuacións previstas no Orzamento ao prescindir da operación de endebedamento, debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2012 nas mesmas aplicacións orzamentarias e polos mesmos importes financiándoo co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven derivada polo propio contido e importancia dos investimentos a executar, xa previstos inicialmente no Orzamento, como son o POS 2012 e o investimento plurianual na conservación da Rede viaria provincial.

En resumo, as modificacións consisten en:

**Baixa por anulación:**

| | | |
|---|---|---|
| Estado de Ingresos | Subconcepto 913.00: Préstamos recibidos a largo plazo de entes de fóra del sector público | 4.500.000,00 € |
| | **Total ingresos** | **4.500.000,00 €** |

| | | |
|---|---|---|
| Estado de Gastos | Aplicación 9290.65000: Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) | 1.781.983,11 € |
| | Aplicación 4530.619: Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2.718.016,89 € |
| | **Total gastos** | **4.500.000,00 €** |

## Suplemento de Crédito:

| Aplicación Orzamentaria | Denominación | Importes |
|---|---|---|
| 9290.65000 | Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) | 1.781.983,11 € |
| 4530.619 | Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2.718.016,89 € |
| | **Total gastos** | **4.500.000,00 €** |

Financiamento:

| | |
|---|---|
| Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais | 4.500.000,00 € |

Lugo, a 14 de marzo de 2012.
O PRESIDENTE,

(4)

## Proposta

Asunto: **Proposta de Modificacións do Orzamento da Deputación 2012, Baixa por Anulación e Suplemento de Crédito**

Vistos os informes que anteceden, e considerando a conveniencia de aplicar un endebedamento cero neste exercicio, que estaba previsto en 4,5 millóns de euros, sen deixar de executar os investimentos afectados pola citada operación, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

**1)** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, baixa por anulación, co seguinte detalle:

| | | |
|---|---|---|
| Estado de Ingresos | Subconcepto 913.00: Préstamos recibidos a largo plazo de entes de fóra del sector público | 4.500.000,00 € |
| | **Total ingresos** | **4.500.000,00 €** |
| Estado de Gastos | Aplicación 9290.65000: Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) | 1.781.983,11 € |
| | Aplicación 4530.619: Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2.718.016,89 € |
| | **Total gastos** | **4.500.000,00 €** |

**2)** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

| Aplicación Orzamentaria | Denominación | Importes |
|---|---|---|
| 9290.65000 | Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) | 1.781.983,11 € |
| 4530.619 | Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 2.718.016,89 € |
| | **Total gastos** | **4.500.000,00 €** |

Financiamento:

| | |
|---|---|
| Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais | 4.500.000,00 € |

**3)** Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, a 15 de marzo de 2012.

O PRESIDENTE,

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Telf. 982 260000 - Fax 982 260 165 

(5)

## Ao Ilmo. Sr. Presidente,
## INFORME de INTERVENCIÓN:

---

Asunto: **Proposta de Modificacións do Orzamento da Deputación 2012, Baixa por Anulación e Suplemento de Crédito**

Vista proposta de modificación, memoria, informes que anteceden e demáis documentación do expediente, a que suscribe emite o seguinte informe:

**I)** En relación ás modificacións propostas de baixa por anulación e suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 34.g) e artigos 49 a 51 do R.d. 500/90, de 20 de abril, para baixas por anulación e artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, de 20 de abril, para suplemento de crédito, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2012. Ao parecer da que suscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

**II)** En relación ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, segundo o artigo 16.2 do R.d. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria (REO), en aplicación ás entidades locais, emítese o seguinte informe que se incorpora ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL referido á aprobación de modificacións orzamentarias mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito, coa finalidade de evaluar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e neste senso, o Orzamento Xeral da Deputación 2012 cumpre co principio de estabilidade orzamentaria segundo informe de Intervención unido ao expediente coa data 18 de novembro de 2011, e se mantén a estabilidade con estas modificacións, xa que os remanentes de tesourería e os ingresos por operacións de endebedamento son ámbolos dous ingresos financeiros e, polo tanto, non altera ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Lugo, a 15 de marzo de 2012,

A INTERVENTORA,